

AUTORIZACIÓN DE PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

(saída do recinto escolar)

Actividade complementaria: **SPRING WEEK**

Grupos que participan: 6ºEP

Nº de participantes previsto: 25

Data e hora de saída: DOMINGO 4 XUÑO ÁS 14.30 h

Lugar de saída: CEIP CHANO PIÑEIRO

Hora prevista de chegada: SÁBADO 10 XUÑO 13.00 h

Lugar de chegada: CEIP CHANO PIÑEIRO

Desprazamento: AUTOBÚS

Prezo: SEN CUSTO

Itinerario: CEIP CHANO PIÑEIRO – OS PEARES – CHANO PIÑEIRO

Mestres acompañantes: ESPECIALISTA INGLÉS

Esta actividade figura na Programación Xeral Anual do Centro ou foi aprobada polo equipo directivo previo informe da coordinadora do equipo de AACCEE, cumprindo cós requisitos establecidos polo consello escolar, polo que a xefatura de estudos AUTORIZA a súa realización.

Data 17-3-22

A Xefa de Estudos

Vº e Prace



A Directora

D^(a).....con DNI:.....

pai, nai ou titor legal do/a alumno/ado

grupo comunico que:

AUTORIZO NON AUTORIZO

Ao meu fillo/a a participar no programa "SPRING WEEK"

AUTORIZO NON AUTORIZO

O tratamento das imaxes do meu fillo/a nesta actividade complementaria.

Circunstancias especiais a ter en conta:

Alerxias, enfermidades:.....

En caso de urxencia chamar a:..... Tfno:.....

Outras:.....

Gondomar,.....de.....de 20.....

O Pai, nai, titor/a legal,
Sinatura

Todo o alumnado, participe ou non na actividade, cumprimentará e entregará o presente resguardo na súa aula o LUNS 21 MARZO COMO DATA LÍMITE.

"En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais facilitados quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, edificio administrativo de San Caetano, S/N, 15781, Santiago de Compostela, ou mediante o envío dun correo electrónico a sxt.cultura.educacion@xunta.es."

PROGRAMA "SPRING WEEK"

O programa de 6 días de duración consiste nun curso de inmersión lingüística en lingua inglesa durante o cal o alumnado practica e mellorará o seu dominio do idioma desde un enfoque comunicativo, especialmente oral coa realización a diario distintos tipos de actividades.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

O obxectivo prioritario da actividade é o desenvolvemento da competencia comunicativa en lingua inglesa para adquirir novos coñecementos, consolidar e practicar o xa coñecido e desenvolver capacidades de escritura lectura e conversación, a través de temas e actividades pedagóxicas atractivas para os participantes.

Ofrecerase unha verdadeira inmersión lingüística polo que o inglés será a única lingua vehicular que se empregará co alumnado. Todas as actividades se desenvolverán, polo tanto, íntegramente en inglés e todas as sinalizacións, así como a información sobre os menús diarios ou calquera outra información relativa ao funcionamento do programa, farase en inglés.

A TER EN CONTA

- Listado de roupa e, calzado e accesorios que teñen que ir marcados co nome e os dous apelidos.
- Artigos que poden e que non poden levar aos Peares.
- Documentación que deberase entregar á directora e ao servizo sanitario.